

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA COÑECE AS TÚAS INSTITUCIÓNS APOIADO EN VISITAS GUIADAS ÁS SEDES DA XUNTA DE GALICIA E DO PARLAMENTO DE GALICIA POR ALUMNADO DE CENTROS ESCOLARES GALEGOS DE TITULARIDADE PÚBLICA**

En Santiago de Compostela a, 14 de xaneiro de 2022

**REUNIDOS**

Dunha parte, \_\_\_\_\_, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia do 1 de setembro de 1983 modificado o 6 de agosto de 2015, e segundo o acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, relativo á elección dos membros da Mesa (DOG número 159, do 7 de agosto de 2020).

Doutra, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

As partes, que actúan en razón dos seus respectivos cargos, manifestan que interveñen con capacidade legal necesaria e competencia suficiente para subscribir este convenio de colaboración, e para tal efecto,

**EXPOÑEN**

**Primeiro.** Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta, en virtude do artigo 31 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, a competencia plena da regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución española e nas leis orgánicas, que conforme ao apartado primeiro do artigo 81 da mesma o desenvolvan, das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento.

**Segundo.** Que o Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia, como poderes de autogoberno de Galicia, teñen a misión de promover as competencias asumidas pola Comunidade Autónoma dentro do ámbito das súas respectivas competencias. O Parlamento de Galicia é o órgano superior deliberante de representación do pobo galego no que reside a potestade legislativa da Comunidade Autónoma.

Á súa vez, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no seo da Xunta de Galicia, correspóndelle o desenvolvemento das competencias executivas autonómicas en materia de ensinanza, ao abeiro do Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

**Terceiro.** Que o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Constitución do 78 constitúen as ferramentas xurídicas básicas para implantar e consolidar as nosas propias institucións de autogoberno. As sólidas conviccións autonomistas dos artífices do noso Estatuto actuaron como o estímulo que permitiu vencer os escollos e poñer en funcionamento as institucións autonómicas, nomeadamente a Xunta de Galicia e o Parlamento.

Que con tal motivo as institucións queren manter abertas as súas portas, especialmente aos máis cativos, facéndoos partícipes da sociedade democrática á que pertencen dende o eido educativo, espertando o interese pola autonomía galega dende o coñecemento da organización administrativa.

**Cuarto.** Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación establece que o currículo das diferentes etapas da educación básica atenderase á aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e dos valores que sustentan a democracia e os dereitos humanos. E que así mesmo, recollerá o coñecemento da historia da democracia en España desde as súas orixes á actualidade e a súa contribución ao fortalecemento dos principios e valores democráticos definidos na Constitución española.

**Quinto.** Que consonte ao establecido na Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as competencias para a aprendizaxe permanente, os currículos establecidos en Galicia para o ensino obrigatorio incorporan o desenvolvemento de competencias clave entendidas como aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego, incluídas aquelas de carácter social e cívico. Estas competencias clave teñen un carácter integral e transversal a todas as materias do currículo.

**Sexto.** Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade é consciente da relevancia da formación do alumnado en valores democráticos, para o exercicio das competencias sociais e cívicas, así como para a interacción e participación no ámbito público desde os principios de democracia, transparencia e Goberno Aberto. Neste senso, impulsou, mediante o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, a posibilidade, prevista nos artigos 13.3, 13.4, 30.5, 30.6, 31.5 e 31.6, de ofertar, dentro das materias de libre configuración autonómica elixibles polos centros docentes no horario establecido como de libre configuración, a materia “Valores democráticos Europeos” en 1º e 2º de educación secundaria obrigatoria. Esta materia ten por obxecto promover os valores necesarios para o exercicio dunha cidadanía democrática e para construír unha sociedade máis xusta, igualitaria, transparente e crítica.

**Sétimo.** Que a educación para a cidadanía democrática, refírese á educación, a formación, a sensibilización, a información, as prácticas e as actividades que, ademais de aportar ao alumnado coñecementos, competencias, e comprensión e de desenvolver as súas actitudes e o seu comportamento, aspiran a darlles os medios para exercer e defender os seus dereitos e responsabilidades democráticas na sociedade, para apreciar a diversidade e para xogar un papel activo na vida democrática, co fin de promover e protexer a democracia e o estado de dereito. (Carta do Consello de Europa sobre educación para a cidadanía democrática e a educación en dereitos humanos)

**Oitavo.** Que o Parlamento de Galicia e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade promoven conxuntamente e participan acotío en múltiples proxectos.

En concreto con este convenio preténdese reeditar o programa educativo de visitas didácticas ás sedes da Cámara e do Executivo, desenvolvido entre 2017 e 2020, con base no convenio de cooperación suscrito o 18 de decembro de 2017.

**Noveno.** Que en virtude do compromiso permanente do Parlamento de Galicia e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade co exposto anteriormente, subscriben este convenio de colaboración que redundará nunha actividade máis completa e enriquecedora para o alumnado dos centros escolares públicos galegos e se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.** *Obxecto e finalidade da colaboración.*

O obxecto da colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade é a organización do programa educativo Coñece as túas institucións, apoiado en visitas didácticas de escolares de centros educativos galegos de titularidade pública, ás sedes de ambas as dúas institucións, de xeito que reciban información sobre o desenvolvemento das principais funcións de cada unha delas nos lugares onde se realizan.

O programa desenvolverase durante o segundo e terceiro trimestre do curso escolar 2021-2022 e durante os cursos escolares 2022-2023 e 2023-2024.

A finalidade das visitas didácticas é fomentar unha cidadanía democrática e responsable presente e futura. Perséguese a través do acercamento e maior coñecemento sobre os poderes legislativo e executivo de Galicia, para que o alumnado do presente exerza os seus dereitos democráticos futuros de xeito responsable e activo.

No proceso de formación para a participación democrática o alumnado galego debe identificar e coñecer o funcionamento institucional e as fontes autonómicas de subministración de bens e servizos públicos como a educación, a sanidade, os servizos sociais ou as comunicacións.

A tal obxecto e fin, o Parlamento de Galicia e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade queren promover un programa de actividades que encaixe no proceso educativo continuo de formación dunha cidadanía democrática activa, tolerante, solidaria e crítica, na que o diálogo no marco da democracia e a xustiza se erixan como referentes para a convivencia social.

O programa Coñece as túas institucións afondará na importancia social do Parlamento e da Xunta de Galicia, máximo órgano de representación popular galega e órgano colexiado de Goberno que dirixe a política xeral da Comunidade Autónoma, respectivamente.

### **Segunda.** *Ámbito de aplicación.*

As estipulacións deste convenio de cooperación aplicaranse a todos os centros educativos galegos de titularidade pública para alumnado de 5º e 6º de educación primaria e alumnado de educación secundaria obrigatoria.

Os centros formarán grupos dun mínimo de 20 e un máximo de 55 participantes, incluídos as persoas responsables do acompañamento. Para o desenvolvemento das visitas o alumnado distribuirase en grupos nun número que se considere axeitado ao mellor aproveitamento da visita sen que esta interfira na actividade das institucións.

O Parlamento de Galicia e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade promoverán, e impulsarán e divulgarán o programa Coñece ás túas institucións entre os centros docentes.

### **Terceira.** *Metas, desenvolvemento e estratexia do programa didáctico.*

As metas que persegue o programa didáctico son:

- O fomento dos valores democráticos.
- O coñecemento da historia recente de Galicia e do noso funcionamento social.
- A formación en valores como o diálogo, a convivencia e o respecto.
- O desenvolvemento das competencias clave, nomeadamente as competencias sociais e cívicas e a competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor, coa incorporación dos principios de Goberno Aberto e transparencia.
- A comprensión polo alumnado máis novo de que as institucións galegas procuran o desenvolvemento social e o exercicio pleno dos dereitos de cada persoa.

### **Cuarta.** *Réxime económico.*

As obrigas económicas que asumen o Parlamento de Galicia e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade concréntanse no financiamento do transporte do alumnado dos centros de ensino público, dende o centro educativo ata as sedes da ambas institucións e o regreso ao orixe. Neste senso, os autobuses recollerán ao alumnado no seu centro escolar, o levarán a cada unha das institucións e o conducirán de novo de volta ao centro escolar.

A estes efectos, o compromiso económico máximo asumible derivado do presente convenio é de oitenta mil euros (80.000,00 €).

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade asumirá o custo ata un límite máximo de corenta mil euros (40.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 10.10.423A.223.08 dos seus orzamentos e distribuído do xeito seguinte:

- Ano 2022: 15.000,00€.
- Ano 2023: 15.000,00€.
- Ano 2024: 10.000,00€.

Os restantes corenta mil euros (40.000,00 €) serán satisfeitos, polo Parlamento de Galicia con cargo á partida 01.01.111B.223 dos seus orzamentos coa seguinte distribución

- Ano 2022: 15.000,00€.
- Ano 2023: 15.000,00€.
- Ano 2024: 10.000,00€.

**Quinta.** *Compromisos do Parlamento de Galicia.*

O Parlamento de Galicia asume o compromiso de levar a cabo as seguintes actuacións:

1. Difundir o programa Coñece as túas institucións entre os centros escolares galegos sostidos con fondos públicos incentivando a súa participación.
2. Poner a disposición dos centros escolares o material didáctico referido á cámara lexislativa, consistente en recursos educativos abertos, axeitados ao nivel do alumnado destinatario e de acordo aos principios de accesibilidade universal e inclusión, así como de perspectiva de xénero, que sirvan de apoio á visita. Incluírse a *Guía de lectura fácil –Adaptación da unidade didáctica Parlamento de Galicia*, elaborada en colaboración coa Federación Autismo Galicia.

3. Organizar a xestión de solicitudes das visitas guiadas a ambas as dúas Institucións. Para elo, o Parlamento disporá dun formulario preferentemente electrónico, a disposición dos centros educativos, mediante o que estes solicitarán as visitas, aportando todos os datos necesarios para a organización. Á vista das solicitudes recibidas, o Parlamento comunicará á Consellería de Cultura, Educación e Universidade as posibles datas para as visitas ás institucións autonómicas, tres días de antelación á primeira delas, de xeito que, unha vez acordadas as datas axeitadas entre ambas as dúas institucións, o Parlamento as confirmará aos centros solicitantes.
4. Realizar as visitas guiadas polas dependencias do Pazo do Hórreo. O alumnado percorrerá os lugares onde se desenvolvan as principais funcións da institución lexislativa e recibirán a explicación sobre o funcionamento e organización da Cámara
5. Aboar con cargo aos seus orzamentos o transporte do alumnado de centros de ensino público nos termos establecidos na estipulación cuarta.

**Sexta.** *Compromisos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.*

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional, asume o compromiso de realizar as seguintes actuacións:

1. Difundir o programa Coñece as túas institucións entre os centros escolares galegos sostidos con fondos públicos e incentivar a súa participación, con especial atención aos centros de ensino que impartan a materia de libre configuración autonómica de Valores Democráticos Europeos, ou similar de libre configuración de centro.
2. Poñer a disposición dos centros o material didáctico consistente en recursos educativos abertos que sirvan de apoio á visita, axeitado ao nivel do alumnado destinatario e que inclúa os principios de accesibilidade universal e inclusión, así como de perspectiva de xénero.
3. Realizar actividades de formación do profesorado na modalidade (presencial, en rede ou mixta) que se estimen oportunas para difundir as orientacións metodolóxicas do Programa, así como as boas prácticas educativas en valores democráticos, cidadanía activa, responsable e solidaria. As actividades incluirán

formación en materia de Goberno Aberto e transparencia da Administración Pública.

4. Coordinar xunto ao Parlamento o calendario das visitas.
5. Informar aos centros participantes das xestións do transporte, nos termos establecidos na cláusula cuarta.
6. Realizar as visitas guiadas polas dependencias da Xunta de Galicia. O alumnado percorrerá os lugares onde se desenvolvan as principais funcións da institución executiva, nomeadamente as salas do Consello da Xunta e da Comisión de secretarios, e recibirán a explicación sobre o funcionamento e organización do goberno de Galicia.
7. Aboar, con cargo aos seus orzamentos, o transporte do alumnado de centros de ensino galegos de titularidade pública nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Este convenio tramítase como expediente anticipado de gasto, posto que existe crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da comunidade autónoma para o exercicio 2022.

Así mesmo estará sometido ao disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda de 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes de 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Ao amparo de dita normativa, a aportación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 no momento da resolución de concesión.

**Sétima. Efectos e duración.**

Este convenio de colaboración producirá efectos desde a súa firma e finalizará o 30 de xuño de 2024, sen prexuízo das responsabilidades adquiridas durante o tempo de vixencia do convenio, podendo prorrogarse por dous cursos escolares máis, sempre e cando medie

acordo expreso previo das partes, e cos límites establecidos no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

**Oitava.** *Comisión paritaria de seguimento.*

Como mecanismo de coordinación para o adecuado desenvolvemento das actividades previstas constituirase, reuníndose sempre que sexa necesario unha comisión paritaria integrada por unha persoa en representación do Parlamento de Galicia e unha persoa en representación da Xunta de Galicia nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Poderán asistir outros membros, sen voz e sen voto, a petición de cada unha das partes.

A comisión considerarase o mecanismo de seguimento e interpretación do convenio, así como da vixilancia e control da súa execución, aos efectos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

**Novena.** *Resolución do convenio de colaboración.*

Son causa de resolución deste convenio as seguintes:

- a) Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- b) Denuncia feita por calquera das partes, cun aviso expreso dun mes.
- c) Incumprimento total ou parcial das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido sen o consentimento de ambas as dúas partes.
- d) O transcurso do prazo de vixencia sen terse acordado a súa prórroga.
- e) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

**Décima.** *Modificación do convenio de colaboración.*

As partes asinantes, no seu caso a través da Comisión de Seguimento, poderán instar a modificación deste convenio de acordo mutuo en calquera momento. As propostas de modificación deberán se comunicadas por escrito cunha antelación dun mes.

As modificacións acordadas articularanse mediante addendas ao presente convenio.

**Décimo primeira.** *Publicidade e rexistro do convenio*

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do Convenio o disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2006, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Procederáse á inscrición do Convenio no Rexistro de Convenios, de acordo ao disposto no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

**Décimo segunda.** *Outras estipulacións.*

A subscrición do presente convenio de colaboración non implica a constitución de relación contractual ningunha entre as partes asinantes e os profesionais que realicen as actividades obxecto do mesmo, de tal maneira que non poderá esixírselles máis responsabilidade que a correspondente ás indemnizacións do danos e prexuízos causados como consecuencia das operacións de traslado dos escolares e acompañantes ás sedes do Parlamento de Galicia e da Xunta de Galicia, agás cando ditos danos se produzan por causas de forza maior.

**Décimo terceira.** *Natureza xurídica e xurisdición competente.*

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e aplicando a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**Décimo cuarta.** *Protección de datos de carácter persoal.*

En aplicación deste convenio, respectaranse cantas exigencias establece o Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de

protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados, resultando aplicables todos os dereitos e obrigas derivados desta normativa.

**Décimo quinta.** *Notificación electrónica.*

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

As controversias que poidan dar lugar a aplicación e interpretación deste convenio, serán resoltas pola Comisión de seguimento prevista na cláusula oitava. En defecto de tal resolución, o orde xurisdiccional contencioso-administrativo será o competente para coñecer das controversias que se susciten na execución do convenio.

En proba de conformidade as partes implicadas subscriben este convenio de colaboración por duplicado e para un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo Parlamento de Galicia  
O Presidente,

O conselleiro de Cultura, Educación e  
Universidade  
Román Rodríguez González